




¿É SEGURO AGASALLAR TELÉFONOS MÓBILES E APARELLOS SEN FÍOS ÁS NENAS E NENOS?


¡¡ ELAS E ELES SON MÁIS VULNERÁBEIS!!



Ante as festas de Nadal e os agasallos aos que vai asociado, dende a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) e a Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética/PECEM aproveitamos para informar ás nais e pais das alertas científicas e de distintas institucións europeas e internacionais sobre os riscos para a saúde das nosas fillas e fillos no uso de dispositivos sen fíos que emiten radiacións electromagnéticas (radiofrecuencias): teléfonos móbiles, teléfonos sen fíos, interfonos para a vixilancia dos bebés, dispositivos con Wi-Fi (e- books, tablets e smartphones), xogos e xoguetes (de radio control, intercomunicadores, radioteléfonos portátiles, consolas de videoxogos ...), etc.




Para que como nais e país teñamos a opción de protexerlles e protexernos, debemos coñecer estas alertas:



“Non se pode contar neste momento con ningunha seguridade respecto da exposición crónica a radiacións sen fíos” (1). As nenas e nenos son especialmente vulnerábeis á exposición aos campos electromagnéticos (1, 2 e 3), e son numerosos os organismos e asociacións profesionais que así o confirman (4).

Unha ampla bibliografía médica constata numerosas evidencias dentro dos límites legais de exposición aos campos electromagnéticos a curto prazo (déficit de atención, hiperactividade, irritabilidade, problemas de concentración e memoria, prurito, molestias oculares, dermatite, dores musculares, cefalea, insomnio, ...) e en exposición crónica (electrohipersensibilidade, síndrome de fatiga crónica, depresión, fibromialxia, arritmias, problemas cardíacos, epilepsia, autismo, Alzheimer, Párkinson, infertilidade, problemas hormonais, leucemia e cancros, ... (1).



ELAS E ELES SON MÁIS VULNERÁBEIS:

- MAIOR PENETRACIÓN NO CRANIO
- ORGANOS EN DESENVOLVIMENTO
- EFECTOS ACUMULATIVOS: MAIOR RISCO POTENCIAL EN EXPOSICIÓN PRECOZ

Nas conclusións do Informe BioInitiative solicítase a adopción urxente de medidas preventivas para reducir ou minimizar a exposición do público as radiacións de radiofrecuencias (1).

Si en 2011 a **Axencia Internacional de investigación do Cancro -IARC-** da OMS clasificou (5) as **radiofrecuencias como posíbeis canceríxenas** e o seu director deu consellos proteccionistas sobre o uso do teléfono móbil, **no 2014 xa se presentan estudos (6) que as clasifican como canceríxeno coñecido**, do mesmo xeito que o tabaco ou o amianto, segundo os parámetros do IARC/OMS.

A Resolución 1815/2011 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa –APCE- (na liña defendida pola Axencia Europea de Medio Ambiente, xa contemplada nalgunha medida polo Parlamento Europeo en 2009) recomenda aos seus estados membros **“Tomar tódalas medidas razoables para reducir a exposición aos campos electromagnéticos, especialmente ás radiofrecuencias emitidas por teléfonos móbiles, e en particular a exposición na infancia e mocidade”**. Medidas como:

- **“Informar sobre os riscos potenciais** para a saúde dos teléfonos sen fíos DECT, os babyphones e outros aparatos eléctricos que emiten continuamente microondas pulsadas... e recomendar o uso de teléfonos con cable nos fogares, ou no seu defecto, modelos que non emitan permanentemente ondas pulsadas”.
- **“Campañas de información dirixidas ao profesorado, nais e pais e o alumnado** para advertirlles dos riscos específicos do uso precoz, indiscriminado e prolongado dos teléfonos móbiles e doutros dispositivos sen fíos”, primando para nenas e nenos en xeral **centros de ensino libres de contaminación electromagnética (Wi-Fi, teléfono móbil)**, con **“conexión a internet por cable”**.

Nesta liña, no estado español xa son varias as federacións de nais e pais, veciñais, sindicais, ecoloxistas e de partidos políticos (7), colexios profesionais, parlamentos autonómicos, concellos... que denuncian este problema de saúde pública en aumento exponencial que supón a exposición da poboación a radiacións electromagnéticas, e solicitan a aplicación das recomendacións da AP do Consello de Europa (2).

- (1) [Informe Bioinitiative \(2007/2012\)](#). Baseado na revisión de 3.800 estudos científicos e coa participación da Axencia Europea de Medio Ambiente. Estudio referente nas declaracións proteccionistas do parlamento europeo e no Consello de Europa:
- (2) [Resolución 1815/2011 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa:](#) “Perigos potenciais dos campos electromagnéticos”, á que se adheriron Parlamentos como o Navarro e o Vasco, e concellos como o de Donostia.
- (3) [Resolución do Parlamento Europeo 2009](#) sobre as consideracións sanitarias relacionadas cos campos electromagnéticos.
- (4) [Colexio Oficial de Biólogos de Galicia](#), Sociedade Española de Protección Radiolóxica, Colexio Médico de Austria, Academias Americana e Alemá de Pediatría, Asociación Irlandesa de Médicos Ambientais, Consello Superior de Saúde Belga, Panel Presidencial del Cáncer, Oficina Federal Alemá para la Protección contra as Radiacións, Comité Nacional Ruso de protección contra as Radiacións non Ionizantes e a Academia Rusa das Ciencias Médicas, Autoridade Finlandesa de Radiación e Seguridade Nuclear,
- (5) http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/OMS/IARC.WHO_31.05.11_gal.pdf
- (6) Ver estudo sueco de Lennart Hardell: <http://www.lavanguardia.com/salud/20141113/54419276672/movil-riesgo-cancer-estudio.html>
- (7) http://www.apdr.info/electrocontaminacion/WIFI/documentos_base/Asturies/NOTA_DE_PRENSA_ASTURIAS_mayo2012.cas.pdf



Asociación Pola Defensa da Ría

www.apdr@apdr.info

apdr@apdr.info



www.peccem.org

coordinacion@peccem.org